

El conductor de Lourenzá circuló con el perro atado un tramo de 300 metros

► La Guardia Civil le comunicó que el hecho puede constituir infracción a la ley de protección animal de Galicia



Captura del vídeo con el perro atado al todoterreno, en San Adriano. EP

M.D.
+ burela@elprogreso.es

LOURENZÁ. El conductor del todoterreno que arrastró un perro atado a la bola del enganche del remolque en Lourenzá reconoció a los agentes de la Guardia Civil que lo identificaron que circuló en un tramo de aproximadamente 300 metros con el can sujeto de ese modo al vehículo. El hombre, también propietario del vehículo, se expone a una infracción de la Ley 5/2017 de protección y bienestar de los animales de compañía en Galicia.

Los guardias encargados de esta investigación comunicaron al afectado que su obligación es poner los hechos en conocimiento de la autoridad competente en la materia para que adopte las medi-

das que considere oportunas, debido a que esa actuación puede ser constitutiva de una infracción.

Las indagaciones se iniciaron después de que los agentes conociesen que el pasado sábado, día 10, se había difundido un vídeo a través de diferentes redes sociales

en el que podía verse cómo el todoterreno arrastraba por una pista asfaltada el animal, que a duras penas podía seguir la marcha del vehículo.

Una vecina de Lugo presentó denuncia ante la Guardia Civil por esta acción contra el perro de caza,

en nombre de una compañera de una protectora de animales de la comarca de A Mariña lucense, que fue la que vio la escena en el vídeo mencionado, al que también tuvieron acceso los agentes tras conocer los hechos relatados por la denunciante.

Las velutinas pican animales que pastorean junto a frutales al tragar las frutas

DELEGACIÓN

A MARIÑA. El gerente de la firma Serpa, José María Vázquez, solicita a los propietarios de animales que eviten el pastoreo de estos en parcelas con frutales para que estos no coman frutas con velutinas, ya que pueden picarles una vez ingeridas y causarles la muerte, como ocurrió estos días con una cabra que comió una pera. «A velutina quedou medio dormida co subidón do zucere, cando a tragou non se moveu e logo picouna dentro, polo que morreu».

Vázquez señala que durante este mes y en octubre se producen la mayoría de estos casos, que afectan también a vacas y caballos. En los últimos años contabilizó varios animales muertos por esta causa en O Valadouro, Ourol, Cervo o Xove. Por eso, este profesional vivariense recomienda recoger la fruta y dársela a los animales en la cuadra en lugar de dejarlos pastar en fincas con frutales, para evitar estas situaciones.

Convocan una protesta en Foz el domingo contra la subida de la electricidad

DELEGACIÓN

A MARIÑA. El Bloque Nacionalista Galego apoyará la concentración convocada por la CIG para este domingo 19, a las once y media de la mañana, delante de la delegación de Hacienda en Foz en señal de protesta contra «a estafa da luz, a recuperación das hidroeléctricas e a creación dunha tarifa eléctrica galega». El BNG continuará con la recogida de firmas en distintos puntos de la comarca y organiza actos informativos.

Los nacionalistas anunciaron ayer en la localidad focense las

nuevas movilizaciones al tiempo que recogieron firmas en el mercado semanal. Ediles del Bloque en A Mariña estuvieron acompañados por el primer teniente de alcalde de Foz, Francisco Xavier Fanego, que estos días también informa sobre la instalación de un nuevo parque eólico en las áreas central y occidental de la comarca.

La campaña del BNG llegó también al Congreso y al Parlamento gallego, donde los diputados Néstor Rego y Ana Pontón defendieron sendas iniciativas. Rego reclamó la creación de una



Acto de los nacionalistas en la villa focense. EP

empresa pública gallega de energía integrando los embalses que rematen el periodo de concesión. Pontón propuso una tarifa eléctrica gallega para abaratar la factura

en beneficio de los consumidores y de las empresas para compensar a Galiza como excedentaria en la producción, amén de retar a Feijóo a apoyar estas medidas.

Alerta de que le murió un perro al existir cebos envenenados en la playa de Coto

Barreiros

DELEGACIÓN

BARREIROS. Un residente en la localidad de Benquerencia, perteneciente al municipio de Barreiros, alerta de que su perro murió a consecuencia de los cebos envenenados en la playa de Coto.

La persona afectada colocó un cartel en las cercanías del arenal, divulgándolo a través de las redes sociales. De probarse, sería un delito.

SE VENDE LEÑA DE CARBALLO SECA PARA A MARIÑA LUCENSE Y OCCIDENTE DE ASTURIAS
608 987 518

GUIA MÉDICA

Ángel Colino Sánchez
ESPECIALISTA EN TRAUMATOLOGÍA Y CIRUGÍA ORTOPÉDICA
ÁLVARO CUNQUEIRO, 19-1.º-B - FOZ
629 83 26 57 - CONSULTA PREVIA CITA

Eu xa son doante e ti?
DOA SANGUE
CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA

DRA. AMALIA L. CEDRÓN
OFTALMÓLOGA
CLÍNICA Y CIRUGÍA DE LOS OJOS
C-27-000655 C-27-000218
Avda. Arcadio Pardiñas, 135 Entpl. nº 2 - BURELA - Tel. 982 585 316
C/ Reina, 15 - 2º - LUGO - Tel. 982 242 100

Asociación Lucense de Esclerosis Múltiple
Nuestra única vía eres tú
Alucem
982 202 942

O Concello considera máis seguros os novos equipos de lectura. **COV**

Novo lector de microchips para a Policía de Viveiro

► O aparello do Concello é máis sofisticado e os axentes non deben achegarse tanto aos cans

DELEGACIÓN

VIVEIRO. A Policía Local de Viveiro dispón dun lector de microchips máis sofisticado có que se empregaba ata o de agora, tras a súa renovación por parte da área de seguridade municipal da que é responsable a propia rexedora, María Loureiro. Isto permitirá aos axentes facer as comprobacións a maior distancia dos animais.

«Este novo lector caracterízase por posuír unha antena que fai posible a lectura dos microchips a unha maior distancia, polo que favorece a seguridade dos axentes e o benestar animal ao non ter que acercarse tanto. Tamén é capaz de ler un maior número de microchips con respecto ao dispositivo anterior», sinalan desde o Concello.

«Este novo dispositivo —engaden— empregárase para as funcións de inspección, vixilancia e

control dos animais de compañía, especialmente dos cans, así como para a identificación daqueles que se atopan extraviados e a localización máis áxil dos seus propietarios, labor que é posible grazas ao acceso individualizado de cada axente ao Regiac (Registro Galego de Identificación de Animais de Compañía)».

O Concello de Viveiro lembra que as infraccións máis frecuentes que detecta a Policía Local na localidade con respecto á Lei de Benestar Animal de Galicia son non recoller os excrementos dos animais, cans vagando libremente pola rúa ou non levar a identificación pertinente. Este tipo de condutas, segundo o establecido na Lei de Benestar Animal de Galicia, implican sancións de ata 500 euros no caso de infraccións leves e de ata 5.000 no caso de infraccións graves.

Os populares critican a «deixadez» en Galdo co saneamento

► Óscar Rodríguez di que van tres anos sen rematar as obras e que a pista de Portochao ten desniveis perigosos tras o asfaltado

DELEGACIÓN

VIVEIRO. Os populares de Viveiro sinalan que as deficiencias nas parroquias se acumulan pola falta de eficacia e de xestión do goberno municipal socialista, poñendo como exemplo o que ocorre en Galdo logo do recente asfaltado dunha estrada ou a non conclusión dun saneamento.

O portavoz municipal do PP, Óscar Rodríguez, di: «O que ocorre en Galdo é un capítulo máis desa novela negra que ten por protagonistas, grazas ao goberno municipal, ás parroquias de Viveiro; a de Galdo é unha situación extrapolable ao resto. Hai un deterioro tremendo, inxustificable, das nosas parroquias, debido ao deixamento impresionante co que opera o equipo de goberno do Concello».

O portavoz popular sinala o inacabado saneamento: «Se alguén vai a Galdo e dá unha volta polo campo da feira verá o improvisado taboleiro de anuncios que hai alí colocado, no que a asociación de veciños vai recollendo a cronoloxía do que acontece co saneamento. Vai para tres anos que se empezou e neste tempo só fixeron unha pequena canalización que está sen conectar; o resto está sen

Óscar Rodríguez, **POV**

facer. Ese é o resultado dos tres anos de intento de construír o saneamento en Galdo».

«Acaban de asfaltar unha pista —indica a maiores sobre a situación—, a de Portochao polas Engrobias; é de dobre sentido e só ten dous ou tres metros de ancho; o perigo é tremendo para vehículos e peóns». Di que «hai puntos nos que nas marxes hai desniveis de cincuenta centímetros; é case seguro que haberá danos materiais e esperamos que nos os haxa tamén persoais».

Así mesmo, o voceiro popular destaca que «en pleno campo da feira hai árbores que chegan ás fachadas das casas e montes sen limpar lindando cos edificios». Rodríguez cre que «é un perigo tremendo» e lamenta que todo o relatado sexa «unha mínima parte do que está acontecendo na parroquia de Galdo, pero é penoso».

Accidente

Un cadriciclo envorcou en Chavín ao atopar un can

Un cadriciclo sufríu unha envorcadura ás dez e media da mañá de onte na estrada LU-161 que conecta Viveiro con Ferreira, á altura da recta de Chavín. O vehículo acabou envorcado tras atopar un can, aínda que o condutor resultou ileso. A Policía Local colaborou na regulación da circulación mentres a Garda Civil realizaba o atestado.

Obras

Agglomeran un carril da LU-540 entre Verxeles e Magazos

As obras de aglomerado dun carril entre Verxeles e Magazos, en Viveiro, retomáronse esta semana. Trátase da repavimentación da estrada LU-540 que enlaza con Cabreiros, que no tramo citado se levantou para colocar as tuberías do gas. A finalización da actuación aprazouse ata o final do verán.

Información

Viveiro acolle unha conferencia sobre a factura da luz

O consistorio de Viveiro acolle mañá ás sete da tarde na sala multiusos unha charla sobre a factura da luz dentro dun ciclo do Instituto Galego de Consumo para ofrecer información e asesoramento ante os cambios experimentados no recibo desde xuño. O aforo é limitado e seguiranse os protocolos covid.

O peche do matadoiro municipal de Viveiro

CHEGADAS a este punto, seguramente a veciñanza se pregunte como temos o matadoiro municipal pechado. Pois todo comeza en maio, cando resulta que «por sorpresa» o Concello de Viveiro é coñecedor de que a empresa que xestiona o matadoiro se dá en concurso de acredores, o que vén sendo que decide deixar a xestión porque non pode afrontar as débedas.

Pero este procedemento non se fai á lixeira, hai que notificarlo ao xulgado, e isto fíxose no mes de febreiro deste 2021 por parte do acredor concursal.

A primeira pregunta é: non hai persoal laboral do concello que consulte o Boe, o BOP ou DOG...?

ARQUETIPOS

POR **MÍRIAM BERMÚDEZ**

VOCEIRA DO BNG

Como é posible que o Concello de Viveiro, sendo o matadoiro un servizo municipal externalizado, non estivera ao tanto do inminente peche e non se enterasen até 3 meses despois, en maio?

A resposta é que o Concello non realizou os «labores de inspección de maneira continuada» que debiera facer durante o período de vixencia do contrato, tal e como se reflicte na cláusula 6.4 do contrato, o que vén sendo que se

desentenderon totalmente de fiscalizar e controlar a empresa que explotaba o matadoiro.

Segunda pregunta: como chegamos a setembro, 4 meses despois, para resolver o contrato?

Pois porque a pesar de ter resposta do Consello Consultivo (trámite que freaba o proceso) dende o 28 de xullo, non se decidiu facer un pleno extraordinario, tampouco incorporalo no pleno ordinario de agosto agardando ao de setembro. Sendo un asunto de urxencia como é, pois nada, un mes arriba ou abaixo, tanto ten...

Esta empresa, despois de sete anos de xestión sen supervisión por parte do Concello de Viveiro, decide abandonar a instalación sen máis consecuencias.

Terceira pregunta: como está a instalación? Fíxéronse as obras de obrigada construción e mantemento segundo o contrato polas que deixaron de pagar o canon anual? Están todos os bens (máquinas, utensilios...) que pertencen á instalación municipal?

Facendo un cálculo rápido, se o canon anual é de 8.046,50 euros por 7 anos que estivo a empresa, resulta un total de 56.325,5 euros que o Concello deixou de ingresar se esta empresa non os investiu en melloras na instalación.

En resumo: un conxunto de despropósitos nun mesmo procedemento: non se pode perder un inventario dunha empresa municipal, non se pode ter un traballador dunha subcontrata municipal

meses sen cobrar, as revisións periódicas non se realizaron, nin a día de hoxe se pode constatar o estado da instalación.

Queda por diante un arduo labor de comprobación de todo este procedemento, onde estará o BNG para cotexar. Agardamos que a equipa de goberno de María Loureiro faga o seu traballo e vele pola correcta comprobación das obrigas da empresa segundo o contrato, e de darse incumprimentos, inicie os procedementos necesarios para recuperar o que lle pertence ás arcas municipais. Tamén agardamos que nos vindeiros trámites (redaccións dos novos pregos e licitación do contrato) se actúe coa debida rigorosidade e urxencia.